



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Aprobación do padrón dos caixeiros automáticos de 2025

EDICTO

Exposición pública e período de cobro do Padrón pola taxa por aproveitamentos especiais da vía pública mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras instalados na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública correspondente ao exercicio 2025.

Anuncio de cobranza

Por Resolución da Alcaldía núm. 117/2025 do 06/03/2025, aprobouse o padrón fiscal pola taxa por aproveitamentos especiais da vía pública mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras instalados na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública correspondente ao exercicio 2025.

Exposición: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DÍAS, contados a partir do seguinte á publicación do edicto no B.O.P da Coruña. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005 do Regulamento Xeral de Recadación.

Durante o período de exposición pública contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

Recursos: Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non o fose. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Período de cobro: O prazo de cobro en período voluntario será de DOUS MESES, a contar dende a súa publicación no B.O.P Transcorrido o prazo establecido, as débedas pendentes esixíranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e os custos de acordo cos artigos 26 a 28 e 161 da Lei Xeral Tributaria.

Os contribuíntes poderán aboar as liquidacións nas entidades bancarias colaboradoras do concello, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade teña establecidos.

Pontevedeume, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, o día 07 de marzo de 2025.

2025/1511